

A 29 Semana de Cine Submarino de Vigo homenaxeará o realizador Jorge Candán

O encontro desenvólvese entre o 20 e o 22 de novembro no Teatro Afundación

 13 / 11 / 2019 /  Santiago. Redacción

Compartir:



Compartir 3

A A contraposición entre as ameazas aos océanos e a beleza que agochan estes espazos é o eixe da vixésimo novena edición da Seman de Cine Submarino de Vigo. O Teatro Afundación acollerá entre os días 20 e 22 de novembro a proxección de sete proxectos audiovisuais coa presenza dos directores Nuno Sá, que comentará o seu filme *Mar, a última fronteira: continente* e David Álvarez,

que presentará *O*
ocaso do rei. A cita
que coordina a
Universidade
Olívica inclúe no
seu programa unha
homenaxe ao
realizador vigués
Jorge Candán,
campión do mundo
de vídeo submarino



2019, de quen se

poderá ver o filme *O retorno*, unha distopía que
especula cunha realidade na que os humanos non
poden vivir na superficie do planeta.

As producións de National Geographic, *Guerreiros dos
océanos* e *Salvemos o noso Mediterraneo*, o documental
da BBC da serie *Planeta Azul II: o océano* e mais un
segundo documental de Nuno Sá, *Azores I* completan o
programa desta cita.

🔗 Web da Semana de Cine Submarino de Vigo
(<https://cinesubmarinodevigo.gal/>)

🔗 Presentación da Semana de Cine Submarino no web da
Universidade de Vigo
(<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/semana-cine-submarino-acada-sua-29a-edicion-contraponendo-beleza-amezas-que-sofren-os-océanos>)

audiovisual (tematica.php?tematica=audiovisual)